



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Formación e Colocación

ANEXO ÓS MODELOS PE/174 E PE/202

Na parte declarativa do modelo PE/174 e na cláusula sétima do modelo PE/202 mencionanse os apartados Un 1.3 e Un 1.5 do art. 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro que contemplan as seguintes situacións:

– **Apartado Un 1.3 do artigo 47:** Desempregados en situación de exclusión social, pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

A) Perceptores de Rentas Mínimas de inserción, ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada Comunidade Autónoma.

B) Persoas que non poidan acceder ás prestacións ás que se fai referencia no parágrafo anterior, por algunha das seguintes causas:

- Falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou para a constitución da unidade perceptora.
- Ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

C) Mozos maiores de 18 anos e menores de 30, procedentes de Institucións de Protección de Menores.

D) Persoas con problemas de drogadicción ou alcoholismo que se atopen en procesos de rehabilitación ou reinserción social.

E) Internos de centros penitenciarios que a súa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados condicionais e ex-reclusos.

F) Menores internos incluídos no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 5/2002, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que a súa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que se atopen en situación de liberdade vixiada e os ex-internos.

– **Apartado Un 1.5 do artigo 47:** Traballador que ten acreditada a condición de vítima da violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.